

CIRCULAR 254

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MAIO / XUÑO 2015



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Educativa



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicología e Coordinador coas Seccións de Psicología da Intervención Social e Xurídica



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 255 de xullo/agosto de 2015,
e sairá a principios do mes de setembro de 2015.
A información terá que ser remitida como data límite
o 10 de agosto.

5	Información Xeral
16	Información das Seccións
19	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
21	Grupo de Tráfico e Seguridade
22	Cursos, Xornadas e Congresos
23	Comisión de Ética e Deontoloxía

Editorial

Os camiños da psicoloxía

Foi o ano no que morría Freddy Mercury, xusto despois de anunciar que contraera a SIDA, a mesma enfermidade pola que Magic Johnson daba por pechada a súa carreira deportiva. Unha vez á semana comentabamos o último episodio da serie que se vía en todos os fogares, Farmacia de Guardia e, entre tanto, un médico haitiano denunciaba a exhibición dun cadáver humano embalsamado (un botsuano) no museo de Bañolas. Remataba a Guerra do Golfo e Boris Yeltsin convertíase en presidente da Federación Rusa. Corría o ano 1991.

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia escribíamos tamén a nosa particular páxina na historia: en 1991 celebrabamos a segunda edición do Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia, cinco anos despois da primeira. Vinte e cinco anos despois, nun contexto histórico, económico e social absolutamente distinto, terá lugar a terceira edición. Os días 2, 3 e 4 de xuño de 2016 reuniremonos en Santiago de Compostela coa intención de trazar os mapas dos camiños da psicoloxía profesional e dar un novo pulo a esta ciencia desde unha perspectiva profesional.

Os cambios que se produciron neste lapso de tempo son ben evidentes. As nosas maneiras de relacionarnos como seres humanos foron cambiando; conseguimos situar problemas no

foco da sociedade que daquela estaban normalizados, como a violencia machista ou o acoso escolar, malia que aínda estean lonxe de chegar a ser erradicados. A psicoloxía continúa gañando recoñecemento e prestixio, reivindicando a súa utilidade para o benestar das persoas, mentres que o Colexio, como tal, gañou un maior peso representativo.

Estamos a construír un atractivo programa que nos permita entrar nos diferentes roteiros da psicoloxía profesional. Unha cita imprescindible de encontro e de participación na que queremos contribuír ao sostido crecemento científico e ao recoñecemento social que a psicoloxía veu experimentando nas últimas décadas. As necesidades e as demandas á nosa profesión foron evolucionando co tempo e temos a obriga de propoñer unha reunión de gran magnitude na que poder expoñer e actualizar saberes.

O punto de encontro será Santiago de Compostela, no Palacio de Congresos, un destino evocador de xentes en busca de respostas e de confluencia de itinerarios desde a antigüidade. Neste congreso estamos a deseñar unha programación ambiciosa que permita dar unha perspectiva ampla, profunda e rigorosa da psicoloxía e das súas distintas áreas de actividade: psicoloxía e saúde, psicoloxía educativa, psicoloxía xurídica, psicoloxía do traballo e das organizacións, psicoloxía da intervención social, psicoloxía do deporte, psicoloxía en catástrofes e emerxencias ou en tráfico e seguridade.

Serán tres días de intensa actividade nos que explorar os desafíos da psicoloxía contemporánea, desde as súas diferentes áreas, para actualizar coñecementos e reflexionar sobre os vivos debates que a alimentan. Por suposto, a túa achega será tamén importante, porque como dicía Kant, o coñecemento comeza coa experiencia e precisamos das túas contribucións. Desde o Comité Organizador convidante a compartir os teus mellores traballos, casos clínicos, modelos de traballo ou actividade investigadora, en formato de comunicación oral, comunicación escrita (póster) ou a través dun simposio temático. Todos e todas sumamos para que este congreso que chega tras un espazo de vinte e cinco anos se converta nun fito histórico na nosa comunidade. En xuño de 2016, os e as profesionais da psicoloxía de Galicia temos unha cita imprescindible: contamos contigo.

Relacións Institucionais

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e Francisco Javier Sardiña Agra, presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, mantiveron o 11 de xuño na Consellería de Sanidade, unha reunión con Ramón Ares Rico, director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia para tratar as demandas do noso colectivo profesional, en especial no relativo á atención psicolóxica en atención primaria e en atención especializada.



M^a Rosa Álvarez Prada

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, e coa presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Manuela del Palacio García, asistiron o 15 de xuño a unha reunión con Manuel Corredoira López, director xeral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela, para tratar a situación da psicoloxía educativa en Galicia, e das psicólogas e psicólogos educativos nos centros de ensino.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 18 de xuño á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou o 25 de xuño no acto de clausura da primeira promoción do Máster Universitario en Psicoloxía Sanitaria que se celebrou na Universidade de Santiago de Compostela.

En representación do Colexio

Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), e Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa de Abramsos o Círculo, asistiron o 13 de maio a unha reunión con membros da Unidade de Prevención, Asistencia e Protección (UPAP) do Corpo Nacional de Policía de Ourense en que se facilitou información máis detallada de ambos programas. Ademais, participaron o 26 de maio e o 17 de xuño en Santiago de Compostela a senllas reunións do Subgrupo Técnico para a elaboración dun Protocolo de coordinación Institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma Galega, integrado no Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

Por outra parte, o 5 de xuño, ambos coordinadores participaron nas xornadas organizadas por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia coa colaboración da Academia Galega da Seguridade Pública (AGASP) «Violencia de xénero e seguridade pública: avances e retos nunha loita polos dereitos das vítimas» celebrado na sede da AGASP, na Estrada (Pontevedra), onde presentaron o relatorio «Variables psicosociais e estratexias de intervención en violencia de xénero».

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu ás reunións do Grupo de Estratexia de Discapacidade (ESGADI) da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, celebradas os días 17, 23 e 30 de abril en Santiago de Compostela.



Fátima López Rodríguez



Rubén Villar Trencó

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.



M^a Concepción Prado Álvarez
e Eva Muíño Gómez



M^a Concepción Rguez. Pérez

A vicesecretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, e a vogal de Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, Eva Muíño Gómez, participaron os días 29 e 30 de abril no Foro de Intermediación e o Emprego (FIE) celebrado no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, organizado pola Axencia Local de Colocación da Concellería de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago. Informouse sobre as diferentes probas psicotécnicas utilizadas habitualmente nos procesos de selección de persoal.

A coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, asistiu este 5 de xuño ás VIII Xornadas sobre Violencia de Xénero do Concello de Ares (A Coruña): «A violencia non ten idade».

A vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), Ana Isabel Martínez Arranz, participou como relatora na V Conferencia Internacional de Felicidade no Traballo celebrada o 10 e 11 de xuño na Coruña. Tamén asistiron Miguel A. Chouza Ponte, tesoureiro do COPG, e Aurora Rozadilla Arias, membro da coordinadora do GIPCE.

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu xunto con Arturo José Pereiro Rozas, profesor do máster en Psicoxerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, e Onésimo Juncos Rabadán, profesor no departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, a unha reunión coa subdirectora xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar, M^a Jesús López Bahamonde. Nesta xuntanza, que se desenvolveu o 19 de xuño, tratáronse temas sobre as inspeccións nos xeriátricos para que teñan en conta os e as profesionais da psicoloxía.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 25 de abril e o 19 de xuño a senllas reunións da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología, mentres que o 20 de xuño participou na Junta General do Consejo.

O coordinador da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Coordinadora da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología celebrado os días 29 e 30 de maio en Madrid.



José Luis Domínguez Rey

Sinatura do Convenio de Atención Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero

A decana do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, e o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, asinaron o 12 de maio o convenio para a atención psicolóxica especializada en violencia de xénero.

Mediante este convenio renovado anualmente permítese o desenvolvemento dos dous programas para abordar de xeito integral esta problemática que tan vixente está na nosa sociedade; Abramos o Círculo (desde 2001), destinado a homes que voluntariamente desexan erradicar a agresividade das súas relacións de parella, e o Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (desde 2004), orientado ás vítimas de violencia.



Momento da sinatura do convenio

Galardón Dolores Llópiz: Psicología e sociedade 2015

Achegas da Psicoloxía

O 30 de maio celebramos no Hostal dos Reis Católicos a sétima edición do Achegas da Psicoloxía, no marco do cal fixemos entrega do Premio Dolores Llópiz, Psicología e Sociedade. Este ano recaeu no divulgador científico, avogado e economista Eduard Punset, que recolleu persoalmente o galardón e con grande amabilidade compartiu esta xornada con nós prodigándose en conversas e dedicatorias de libros cos colexiados e colexiadas asistentes.

Tamén recolleron o seu recoñecemento varias compañeiras que cumpriron os 25 anos de colexiación ininterrompida e gozamos da talentosa Najla Shami, que se ocupou do acompañamento musical no acto do Achegas.



Asistentes ao acto de
Achegas da Psicoloxía



Momento da entrega do
Premio a Eduard Punset



Momento da entrega do distintivo ás colexiadas
que cumprían 25 anos de colexiación



Membros da Xunta de Goberno
do COPG con Eduard Punset

III Congreso de Psicología Profesional de Galicia

Os días 2, 3 e 4 de xuño de 2016, os e as profesionais da psicología temos unha cita imprescindible en Santiago de Compostela: celebraremos a 3ª edición do Congreso de Psicología Profesional de Galicia, baixo o título «Os camiños da psicología». O Comité Organizador está a traballar en elaborar un atractivo programa que aborde a nosa disciplina en profundidade a través das diferentes áreas de actividade. En datas próximas abriremos as inscricións e iremos dando cumprida información a través da Circular Informativa e da nosa web. Queremos que este Congreso sexa un foro de alta calidade onde ofrecer novas respostas científico-profesionais nunha contorna cambiante co que contribuír ao sostido crecemento científico e ao recoñecemento social da psicología.

Máis información: iiicongresodepsicologia.copgalicia.org



Alegacións presentadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia presentou recurso de reposición contra a convocatoria para cubrir interinamente unha praza de técnico de formación e emprego na Deputación de Pontevedra, publicada o día 14 de maio de 2015 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Adhesión do COPG

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia adheriuse ao comunicado da Asociación Española de Psicogerontología (AEPG) sobre o proceso de selección de persoal para cubrir diferentes prazas para a apertura de varias residencias xerontolóxicas da Deputación de Lugo, demandando a inclusión de profesionais da psicología.

AVISOS

Títulos de Licenciatura ou Grao en Psicología

Lembramos a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura ou grao e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para arquivar no seu expediente colexial.

Comisión para a defensa da profesión e para a prevención do intrusismo

O 5 de maio celebrouse a primeira reunión da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo. Entre os seus obxectivos figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade así como apoiar o emprendemento de accións legais contra o intrusismo das pseudoterapias, pseudociencias, así como dos/as profesionais que exercen sen a colexiación obrigatoria.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre alugueiro, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

❑ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

❑ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

❑ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: «Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000».

O COPG reclama a supervisión de profesionais especialistas en clínica

A respecto do proxecto Mastermind da Unión Europea, no que participa Galicia, anunciado como **tratamento online para a depresión** desde atención primaria, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia manifestou o seu completo rexeitamento ao modo no que se implantará este programa. Desde a institución considérase que este tipo de programas deben contar sempre coa supervisión dos psicólogos e psicólogas clínicas do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Observacións do COPG ao Protocolo de Atención Temperá da Xunta de Galicia

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia enviáronse observacións recollidas polo Grupo de Traballo de Atención Temperá do COPG ao Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en Atención Temperá, elaborado polas consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de Sanidade e de Traballo e Benestar.

Premio da IX edición da Beca Siota

O 5 de maio a decana do COPG fixo entrega do premio da IX Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, a Cristina Alonso Vilar, colexiada G-4779, autora do proxecto gañador «O uso problemático de internet en perspectiva lonxitudinal: Predictores e consecuencias do sexting e o ciberacoso nos adolescentes galegos».

Esta beca de investigación foi creada polo COPG en 1995 en recoñecemento ao labor do noso compañeiro Manuel Siota, falecido tres anos antes, para significar a súa dedicación na mellora da nosa profesión.



Entrega da Beca Siota

Certificado EuroPsy Básico e EuroPsy Especialista en Psicoterapia

Desde o 15 de abril de 2015 está aberto o prazo para a recepción de solicitudes para a obtención de Certificados EuroPsy Básico e EuroPsy Especialista en Psicoterapia, tanto pola Vía de Veteranos Expertos como pola Vía Ordinaria ou de Formación.

Podes atopar toda a información no enlace www.europsy.cop.es ou consultar no COPG.

AVISO

Actualización de datos

Desde o COPG realizamos a maioría de comunicacións por e-mail.

Lembra actualizar o teu enderezo electrónico en copgalicia@cop.es

Renuncia de Concepción Fernández

Con motivo de cambios profesionais, a compañeira Concepción Fernández, secretaria do COPG, presentou a renuncia aos cargos que representa no Colexio con data 29 de maio de 2015. Desexámoslle á colexiada Concha Fernández Fernández o maior dos éxitos nesta nova etapa profesional e agradecemoslle sinceramente toda a súa dedicación desde 2006 como membro da Xunta de Goberno.



Concepción Fernández Fdez.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Movemento Galego da Saúde Mental

O COPG é unha das organizacións que forman parte do Movemento Galego da Saúde Mental, onde exercen a representación as colexiadas Rosa Cerqueiro Landín e Delia Guitián Rodríguez.

O 20 de xuño celebrouse en Santiago de Compostela, na Facultade de Psicoloxía, a xornada do MGSM «En defensa dos dereitos na atención da Saúde Mental», na que participaron como relatores/as os colexiados e colexiadas Rosa Cerqueiro Landín, Miguel Anxo García Álvarez, Delia Guitián Rodríguez e Gonzalo Martínez Sande.

AVISO

O teu número de colexiación ten moito valor: faino ver

Cada novo psicólogo ou psicóloga que se achega ao COPG con intención de colexiarse fai-nos esta mesma pregunta: que beneficios teño ao colexiarme? Adoitamos quedarnos en prestacións e outras cuestións, pero descoidamos unha moi relevante. Desde o COPG queremos lembrarche todo o valor que está detrás do número de colexiación que te identifica e que vai máis alá dos dereitos e servizos.

A defensa da profesión e a loita contra o intrusismo son uns dos nosos obxectivos fundamentais; tanto que vimos de crear unha Comisión para dedicarse exclusivamente a estes

asuntos. Estamos a traballar en campañas de difusión para chegar mellor á sociedade, que comprenda a nosa profesión e a súa utilidade para o benestar das persoas.

O teu número de colexiación acredítate como profesional diante da sociedade: é o mellor aval para garantir que cumpres coa titulación e cos requisitos legais para exercer como psicólogo ou psicóloga, sexa cal sexa a túa especialidade ou área de traballo.

O feito de que o COPG reúna a todos os profesionais da psicoloxía de Galicia outórganos unha forza e unha representa-

tividade que nos dá máis capacidade para levar adiante as reivindicacións que afectan ao noso sector. Somos a entidade acreditada para falar en nome dos psicólogos e psicólogas galegas, e cada un dos nosos colexiados e colexiadas dá-nos máis voz.

Por iso animámoste a que non esquezas o valor do teu número de colexiado ou colexiada: faino público nos informes que elaboras, no teu espazo de traballo, nas túas comunicacións por enderezo postal ou electrónico, nos teus soportes publicitarios... É a mellor garantía que téns para presentarte diante da sociedade.

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>. O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

- f Facebook:** <http://www.facebook.com/copgalicia>
- t Twitter:** www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia
- in LinkedIn:** <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

Teño a obriga de colexiarme?

No conxunto do Estado español, é un **requisito indispensable** para o exercicio da profesión da psicoloxía estar incorporado ao Colexio Profesional correspondente. Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado e baixo calquera fórmula de contratación, teñen esta obriga.

Este requisito recóllese do artigo 3.2 da Lei de Colexios Profesionais despois da reforma operada pola Lei 25/2009 (Lei Ómnibus), que mantén as obrigas vixentes.

AVISOS

Rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogas e psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñan acadado esta titulación do Ministerio e aínda non a presentaron no COPG, terán que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao seu expediente colexial e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Momento do obradoiro



Momento do obradoiro

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

O día 25 de abril celebrouse o **obradoiro «Avaliación forense en violencia de parella: vítimas e agresores»**, organizado pola Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG. Este evento foi coordinado por Manuel Vilariño Vázquez, tesoureiro da sección, e impartido polo doutor en psicoloxía Ismael Loinaz (investigador do Grupo de Estudos Avanzados en Violencia; GEAV-UB). O doutor Loinaz está especializado en avaliación do risco e violencia de parella, é docente en másters de Psicoloxía Forense e Criminoloxía da UB, o IL3 e a UMH, e ten sido conferenciante internacional e autor e revisor en distintas revistas de impacto. Parte da súa formación en investigación foi adquirida en relevantes centros como a Unidade de Psicoloxía Forense da USC, o Forensic Psychology Lab da University of British Columbia (cuxo director é o Dr. Donald Dutton) e o *Mental Health, Law, & Policy Institute* da Simon Fraser University. Recibiu varios premios como o Premio Mariano Yela 2014 (Sociedade Española de Psicoloxía Xurídica e Forense) ao investigador novel con excelencia na investigación e na transferencia do coñecemento, o 2º accésit do Premio Nacional Victoria Kent 2008 (Ministerio do Interior) para o fomento das investigacións multidisciplinares en materia penitenciaria. Este obradoiro foi considerado para dotar ás e aos profesionais de coñecementos, ferramentas e técnicas que lles permitan levar a cabo a avaliación forense das mulleres vítimas de violencia de xénero e a avaliación de risco dos agresores de violencia de xénero.

Por outra banda, a Sección de Psicoloxía Xurídica organizou o **obradoiro «Avaliación psicolóxico forense en menores vítimas de violencia sexual»**, que se desenvolveu o 23 de maio. Este curso foi coordinado por M^a Alba Sousa González, vicepresidenta da sección, e impartido por Mariana Abeledo Otero que conta cunha ampla traxectoria de intervención no Programa de Avaliación e Tratamento de Menores Vítimas de Violencia Sexual e do Servizo de Peritaxe Psicolóxica da Fundación Marxes e Vínculos, en apoio ao Instituto de Medicina Legal de Cádiz. A través deste

curso pretendeuse dotar aos e ás profesionais de coñecementos, ferramentas e técnicas que lles permitan identificar as principais liñas de actuación a desenvolver na avaliación psicolóxica forense con menores vítimas de violencia sexual, con principal atención á avaliación psicolóxica-forense aplicando o Sistema de Avaliación Global á obtención da proba preconstituída e ao funcionamento dos protocolos de derivación e coordinación con outros axentes xurídicos e sociais implicados.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

A vicepresidenta da Sección, Ana M^a Ulloa Lage, coordinou a presentación «**Protocolos Magallanes de avaliación de baixo rendemento e/ou fracaso escolar en Educación Primaria e Secundaria**», que levaron a cabo os psicólogos de Albor-Cohs, Ángela Magaz Lago e Manuel García Pérez. Resaltaron a súa actualidade, coherencia, seguridade e fiabilidade para realizar unha Valoración Individual e Contextual de todo tipo de dificultades no desenvolvemento: problemas de rendemento escolar, de adaptación social e persoal.

A devandita presentación tivo lugar no salón de actos do COPG o 15 de maio. Asistiron máis de trinta colexiados e colexiadas, valorando positivamente o seu contido.

Enlace ao apartado da
Sección de Psicoloxía
Xurídica da páxina web
do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/xuridica>



Momento da presentación

Enlace ao apartado da
Sección de Psicoloxía
Educativa da páxina web
do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/educativa>



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Os vindeiros 20 e 21 de novembro terán lugar en Lugo as **XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG**. Este ano o seu título será «Identidade e personalidade, de que estamos a falar?» e trataranse temas como o desenvolvemento da identidade e a personalidade, a súa relación co poder e a violencia e a intervención psicolóxica neste ámbito.

Agardamos contar coa vosa presenza un ano máis.



Momento do curso

Formación realizada

Os días 22 e 23 de maio levouse a cabo en Santiago de Compostela o curso «**Apego e psicoterapia**», a cargo de **Elena Rodríguez Borrajo**. Asistiron 35 colexiados e colexiadas que valoraron positivamente o seu contido.

Formación prevista

Curso «**Actualización no tratamento cognitivo-conductual do Trastorno Obsesivo Compulsivo**».

Os días 23 e 24 de outubro terá lugar en Santiago de Compostela o curso «**Actualización no tratamento cognitivo-conductual do TOC**», cunha duración de 12 horas. Será impartido por **Juan Sevillá Gascó**, psicólogo clínico e director do Centro de Terapia de Conduta de Valencia. **Alicia Carballal Fernández**, vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde encargárase das tarefas de coordinación.

Lexislación

Lémbrese a todas as colexiadas e colexiados con consultas propias dedicadas á área da Psicoloxía Sanitaria, a **obriga de inscribir as súas consultas no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da Xunta de Galicia**, e **consignar o número de rexistro** outorgado pola autoridade sanitaria nos **carteis ou placas identificadoras** dos centros sanitarios así como na súa **publicidade**.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/psicoloxia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Curso de formación «Avaliación psicolóxica de mergulladores profesionais»

O curso de formación «Avaliación psicolóxica de mergulladores profesionais» que tivo o seu inicio o pasado 25 de maio cunha fase de teleformación cos contidos referidos á descrición de competencias, tarefas, riscos profesionais, as entrevistas de aptitudes e a elaboración de informes, rematou o 20 de xuño coa sesión presencial, que se centrou na elaboración e valoración das baterías psicotécnicas, así como todo o relacionado co protocolo de actuación do psicólogo ou psicóloga na avaliación. Este curso, que tivo como obxectivo habilitar para a realización de probas de avaliación psicolóxicas contempladas no regulamento do exercicio do mergullo profesional, tivo como docentes a Joaquín Colodro Plaza, psicólogo da Delegación de Defensa da Rexión de Murcia, e Vicente Fernando Varela Parapar, instrutor do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA). Coordinou o curso M^a Concepción Prado Álvarez, vogal da Coordinadora da Sección PTO.

Foro sobre «Coaching»

O 17 de marzo iniciouse o proceso de creación do Grupo de Traballo sobre «Coaching e Psicoloxía», coa pretensión de dar visibilidade ás e aos profesionais de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos. Coordinará o citado grupo Israel Villar Enjo que, nunha reunión celebrada o 16 de maio, presentou os obxectivos, normas, liñas de actuación e estrutura de funcionamento do mesmo.

Estase organizado un Foro con profesionais da área para debater experiencias en «Coaching», ferramentas de traballo, os sistemas de acreditación e as competencias requiridas. O evento terá lugar o próximo 19 de setembro e darase a información oportuna sobre os contidos do programa.



Momento do curso



Reunión de creación do Grupo

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/secciones/traballo-e-das-organizacions>

A División PTORH: Encontro e Foro

A División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) celebrou os días 26 e 27 de xuño en Valencia o Encontro Anual Interterritorial, onde se abordou e debateu sobre o certificado Europsy especialista en PTO, a implantación e desenvolvemento da norma UNE-ISO-10667 e os contidos do V Congreso, que se celebrará en xuño de 2016.

Por outra parte, con motivo do Encontro, organizouse o Foro de Psicoloxía e Empresa «Liderado, compromiso e dirección de persoas», na Confederación Empresarial Valenciana. Nesta xornada con empresarios presentáronse diferentes enfoques sobre a xestión de recursos humanos, estratexias innovadoras na medición do liderado e debatéronse as distintas visións da organizacións no ámbito virtual.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación interna

Seminario II: Repensando e abrindo o foco en mortes por suicidio. Durante esta xornada formativa, realizada o 6 de xuño e coordinada por José Ramón García Gómez, analizáronse as situacións de intervención por suicidio atendidas desde o GIPCE durante os anos 2014 e 2015.

Formación externa

Seguindo o plan formativo da Policía Local no que o GIPCE colabora coa AGASP durante os meses de maio e xuño foron impartidos os cursos:

- *Habilidades sociais en situación de estrés*, de 20 horas de duración. Foi impartido os días 11, 12 e 13 de maio por M^a Carmen Patiño García.
- *Comunicación de malas noticias*, de 16 horas de duración. A segunda edición foi impartida por M^a Luz Losada Somoza os días 27 e 29 de maio.



Momento do curso de Intervención Psicolóxica



Momento da conferencia «Felicidade no Traballo»



Momento da charla sobre o GIPCE

■ *Habilidades de comunicación e interacción con nenos e adolescentes en situación de desamparo e desprotección* de 12 horas de duración. Foi impartido os días 9 e 10 de xuño por Elena González Cid.

Curso de Intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias, primeiro curso de formación de 24 horas de formación no que participaron 45 colexiados e colexiadas. Realizouse na sede do COPG os días 24 e 25 de abril e 8 e 9 de maio e foi impartido por Ana Isabel Martínez Arranz e M^a Carmen González Hermo.

A coordinadora GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, participou o día 11 de xuño como invitada xunto con Marcial Cendón, vítima do accidente de tren Alvia, na «V Conferencia Internacional de Felicidade no Traballo» que se realizou na Coruña.

Támén o 11 de xuño, María Lillo Montes impartiu unha charla informativa sobre o GIPCE ao alumnado de Formación Profesional de Atención a persoas en situación de dependencia do IES Daviña Rey de Monforte de Lemos (Lugo).

Informacións

Durante os meses de maio e xuño a coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, e varios representantes da Comisión Coordinadora do GIPCE visitaron os edificios designados como Centros de atención a familias (CAF) dentro do Plan de Asistencia a Vítimas de Accidentes Aéreos e ás súas familias, que se está a elaborar en colaboración co Xefe de Área Técnica do Servizo Provincial de Emerxencias, José Olivier Reboredo Campos, e coa directora do IMELGA, Beatriz Otero Abadín.

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/gipce>

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Sesión formativa «Avaliación neuropsicolóxica de persoas maiores no contexto do tráfico. Probas de cribaxe»

O día 23 de maio tivo lugar en Santiago outra sesión formativa do Grupo co tema anteriormente citado, impartida por Xavier Sardiña Agra, presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, con ampla experiencia na valoración neuropsicolóxica. A sesión resultou altamente valorada tanto no seu desenvolvemento como na utilidade para a práctica profesional no ámbito da avaliación nos CRC.



Momento da Sesión Formativa

Reunión do Grupo

A continuación da sesión formativa tivo lugar a correspondente reunión do Grupo durante a cal se acordou a aplicación das probas de cribaxe presentadas para unha posterior posta en común de cara á elaboración dun protocolo de actuación específico en función do rigor requirido, valorándose tamén a viabilidade dunha ampla investigación no eido de condutores e condutoras maiores.

Aprobáronse as propostas presentadas desde a Comisión tanto para as III Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade como para a participación no III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia en xuño de 2016.

Dentro do convenio coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia en colaboración coas Unidades de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior, neste ano realizáranse outros tres grupos de Xornadas de Concienciación (dous en Ferrol e un en Santiago) así como outro programa Psicovial de novo en Ourense.

Continúase co préstamo dos instrumentos de avaliación da lista-xe do Grupo de Tráfico e da Seguridade para o que se habilitou o seguinte enderezo electrónico (grupotrafico@cop.es) a través do cal todos os colexiados e colexiadas que sexan do Grupo poden solicitar o seu uso para facer un mínimo de dous pases e **devolver cumprimentada** a ficha de avaliación.

Na reunión estatal da área celebrada o 18 de abril en Madrid no Consejo General de la Psicología, acordouse a incorporación da Asociación dos psicólogos e psicólogas da aviación, represen-

tantes do sector ferroviario así como dos corpos de seguridade. Aprobouse a proposta da creación da División así como rematar a elaboración do Perfil, sendo expresamente felicitada a achega que se fixo desde Galicia pola súa amplitude e concreción.

Finalmente, indicar que se empra ao Grupo así como a todas aquelas colexiadas e colexiados que o desexen a asistir as III Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade, previstas para o día 12 de decembro de 2015 co título «Intervindo desde a Psicoloxía na mobilidade e na seguridade».

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisiones/trafico-e-seguridade>

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/actividades/externas>

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO «ACTUALIZACIÓN NO TRATAMENTO COGNITIVO-CONDUTUAL DO TRASTORNO OBSESIVO COMPULSIVO (TOC)»

Datas: 23 e 24 de outubro de 2015

Lugar: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Docente: Juan Sevillá Gascó

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

III XORNADAS GALEGAS DE PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E DA SEGURIDADE «INTERVINDO DESDE A PSICOLOXÍA NA MOBILIDADE E NA SEGURIDADE»

Datas: 12 de decembro de 2015

Lugar: Sede do COPG

Organiza: Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG

III CONGRESO DE PSICOLOXÍA PROFESIONAL DE GALICIA

Datas: 2, 3 e 4 de xuño de 2016

Lugar: Pazo de Congresos de Santiago de Compostela


Organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Como consecuencia da importante actividade que se está producindo na Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG a través da presentación dun importante número de queixas e consultas en relación ao dereito á información das persoas usuarias dos servizos psicolóxicos, e como paso previo para unha análise máis profunda desta cuestión, quixéramos lembrar o contido dos artigos 25 e 42 do Código Deontolóxico do Psicólogo:

Artigo 25: Cando se faga cargo dunha intervención sobre persoas, grupos, institucións ou comunidades, o/a psicólogo/a ofrecerá a información adecuada sobre as características esenciais da relación establecida, os problemas que está abordando, os obxectivos que se propón e o método utilizado. No caso de menores de idade ou persoas legalmente incapacitadas, farase saber aos seus pais/nais ou titores/as. En calquera caso, evitárase a manipulación das persoas e tenderase cara á consecución do seu desenvolvemento e autonomía.

Artigo 42: Cando a devandita avaliación ou intervención a solicitou outra persoa -xuíces/xuízas, profesionais do ensino, nais/pais, empregadores/as, ou calquera outro/a solicitante diferente do suxeito avaliado-, este último ou os seus pais/nais ou titores/as terán dereito a ser informados/as do feito da avaliación ou intervención e do destinatario do informe psicolóxico conseguinte. O suxeito dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo, sempre que disto non se derive un grave prexuízo para o suxeito ou para o/a psicólogo/a, e aínda que a solicitude da súa realización a fixesen outras persoas.



*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina
web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisiones/comision-de-etica-e-deontoloxia>*



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIONES
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Telf: 986 295 621

KARMA

Telf: 986 471 439

www.formacioncambio.com

psicoestudio@psicoestudio.com
karmapsicologia@mundo-r.com

**Grupos reducidos
Seminarios con especialistas
Prácticas in vivo supervisadas
Horarios e contidos adaptados
ao/a alumno/a ou profesional interesado/a**

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Cameselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García
(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
(Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

HORARIO

Verán

Do 1 de xullo ao 31 de agosto

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Do 1 ao 30 de setembro

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,

martes de 17.00 a 21.00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicólogos

1980 2015

35 anos
medrando coa
profesión